

A Cámara de Comercio de Vigo abre o prazo para participar no programa PIPE 2010

- As PEMES que desexen fomentar a súa exportación poden presentar a súa solicitude dende mañá e ata o 15 de xuño

Vigo, 14/05/10.- A Cámara de Comercio de Vigo abre dende mañá e ata o 15 de xuño o prazo de presentación de solicitudes para participar no Plan de Iniciación á Promoción Exterior 2010, máis coñecido como PIPE. Nacido no 1997, é o primeiro programa de ámbito estatal dirixido especificamente a PEMES españolas que buscan un desenvolvemento comercial a través da exportación. Trátase dun proceso integral e continuo que, durante dous anos, acompaña á empresa en tódalas súas etapas de decisión para alcanzar unha óptima internacionalización, para elo, son asesoradas por profesionais externos. Consta de 3 fases, a primeira de diagnóstico de posición competitiva e de potencial de internacionalización; a segunda de deseño do Plan Estratégico de Internacionalización e a terceira de desenvolvemento e posta en marcha de dito plan.

O Programa vai dirixido a PEMES (según a definición da Unión Europea) que, dispendo de produto ou servizo propio e con potencial exportador, non exporten o cuxa exportación sexa inferior ao 30% da súa facturación total.

O Plan PIPE está organizado e dirixido polo esforzo conxunto do Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX) e o Consello Superior de Cámaras de Comercio, coa colaboración das Comunidades Autónomas e as Cámaras de Comercio. Neste caso, a entidade de Vigo xestiona a participación das empresas que compoñen a súa demarcación (Vigo, Baiona, Nigrán, Gondomar, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas y Salvaterra). O programa conta tamén coa financiación da Unión Europea a través do FEDER.

Toda a información, incluídos os requisitos, a convocatoria oficial e a ficha para cumprimentar, pódense obter na propia Web da Cámara de Comercio de Vigo (www.camaravigo.com). Tamén poden porse en contacto co departamento de Comercio Exterior desta Cámara, teléfono: 986 446295, ou no correo electrónico: comex@camaravigo.com.



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Desenvolvemento Regional
Una maneira de facer Europa